

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA
POLO PLENO DO CONCELLO, O DÍA 10/01/2015.**

Concelleiros presentes:

D. Secundino García Casal.
D. Manuel Varela Mecías.
D^a María del Carmen Muiño Filgueira.
D. Jesús Manuel Soto Vivero.
D^a María Amparo Calvo González.
D^a Ana Belén Breijo Gundín.
D^a María del Carmen García Pérez.
D. Fernando Márquez Hermida.
D. Plácido López Loureiro.
D. Hipólito Díaz Silva.
D^a Silvia Fernández Muiño.

Secretario:

D. Miguel A. Arroyo Moreno.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de San Sadurniño, sendo as once horas e trinta e oito minutos do día dez de xaneiro de dous mil quince, comparecen os Sres. Concelleiros deste Concello arriba indicados, en presenza do devandito Secretario, para a celebración da sesión ordinaria do Pleno do Concello oportunamente convocada polo Sr. Alcalde.

Iníciase seguidamente a deliberación dos asuntos de competencia do Pleno incluídos na Orde do Día da sesión, que son os seguintes:

PRIMEIRO. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Dase conta da acta da sesión extraordinaria celebrada o día dezoito de decembro do pasado ano dous mil catorce. Pola Presidencia pregúntase ós Sres. membros da Corporación se teñen observacións ou propostas de modificación que formular en relación con esa acta. Non habéndoas, sométese seguidamente a votación a aprobación desa acta, e a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus once membros, acorda prestarlle a súa aprobación á acta da sesión de que se trata.

SEGUNDO. TOMA DE COÑECEMENTO SOBRE O ESTADO DE TRAMITACIÓN DAS FACTURAS CORRESPONDENTES AO 4º TRIMESTRE DE 2014, EN APLICACIÓN DO ESTABLECIDO NA LEI 15/2010, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MORISIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS.

O asunto comprendido no presente punto da Orde do Día non foi dictaminado pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 93 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico

das entidades locais, declárase urxente en votación ordinaria e por unanimidade dos once membros do Pleno do Concello, antes de iniciarse o debate sobre o mesmo.

Dase lectura polo Secretario dun parágrafo do informe emitido polo Tesoureiro do Concello, datado o 07/01/15 e que literalmente di o seguinte:

“Polo referido ó cuarto trimestre da pasada anualidade 2014, non é posible dispor neste momento da información necesaria, referida á data da convocatoria da sesión plenaria do 10/01/15, para poder acreditar se a totalidade dos pagos de obrigacións desta entidade local correspondentes a facturas ou certificacións presentadas entre os días 1 de outubro e 31 de decembro de 2014 realizáronse cumprindo os prazos previstos na Lei 15/2010, contados dende a data da alta de cada factura no rexistro municipal de facturas. Antes do remate do mes de xaneiro, emitirase o informe correspondente.”

A Corporación queda enterada do contido dese informe.

TERCEIRO. ACORDOS SOBRE ADHESIÓN Á PLATAFORMA ELECTRÓNICA FACe.

Dase conta polo Sr. Soto das xestións que se veñen realizando, en cumprimento do disposto na Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica, para a adhesión do Concello á plataforma estatal de que se trata, xa disposta pola Alcaldía mediante Resolución do 02/01/15, e da conveniencia de adoptar un acordo que permita, en aplicación do previsto na referida Lei, excluir da obriga de utilizar a facturación electrónica ás facturas cuxo importe non supere os 5.000 euros. Le de seguido a proposta do grupo de goberno en relación con esta cuestión, que literalmente di:

“ANTECEDENTES

A Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público, no seu artigo 6, establece a obrigación das Entidades locais de dispoñer, antes do 15 de xaneiro de 2015, dun punto xeral de entrada de facturas electrónicas a través do cal recibiren todas as facturas electrónicas que correspondan a entidades, entes e organismos vinculados ou dependentes.

Para facilitar o cumprimento desta obriga as Entidades locais poden adherirse á utilización do punto xeral de entrada de facturas electrónicas que proporciona a Administración xeral do Estado por medio da plataforma FACe.

De cara a cumprir cos requisitos legais e os prazos indicados,
PROPOÑO:

- 1. Ratificar a Resolución da Alcaldía de data do 02/01/2015 sobre a adhesión do Concello á plataforma FACe.*
- 2. Facultar ao Alcalde para realizar todas as actuacións que resulten necesarias no ámbito das competencias municipais para dar cumprimento e funcionalidade á adhesión do Concello de San Sadurniño á plataforma electrónica FACe- Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas, da Secretaría de Estado de Administracións Públicas,*

- do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, e para designar e /ou modificar ás persoas representantes do Concello dentro da dita plataforma.*
3. *Consonte o artigo 4 da Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do Rexistro Contable de Facturas no sector público, exclúense da obrigaón de expedir e remitir a factura electrónica pola entrega de bens ou pola prestación de servizos ao Concello de San Sadurniño aquelas empresas ou entidades que presenten facturas cuxo importe sexa de até 5.000,00 euros, así como aquelas emitidas polos provedores aos servizos no exterior das Administracións públicas até que as ditas facturas poidan satisfacer os requirimentos para a súa presentación a través do punto xeral de entrada de facturas electrónicas, de acordo coa valoración do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, e os servizos no exterior dispoñan dos medios e sistemas apropiados para a súa recepción nos ditos servizos.*
 4. *Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia da Coruña."*

A Resolución da Alcaldía do 02/01/15 que se menciona no punto 1º desta proposta estableceu o seguinte:

"ANTECEDENTES

A Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público, no seu artigo 6, establece a obrigaón das Entidades locais de dispoñer, antes do 15 de xaneiro de 2015, dun punto xeral de entrada de facturas electrónicas a través do cal recibiren todas as facturas electrónicas que correspondan a entidades, entes e organismos vinculados ou dependentes.

Para facilitar o cumprimento desta obriga as Entidades locais poden adherirse á utilización do punto xeral de entrada de facturas electrónicas que proporciona a Administración xeral do Estado por medio da plataforma FACe.

De cara a cumprir cos requisitos legais e os prazos indicados,

RESOLVO:

5. *Acordar a adhesión do Concello de San Sadurniño á plataforma electrónica FACe como o seu punto xeral de entrada de facturas electrónicas.*
6. *Aceptar as seguintes condicións de uso da plataforma FACe:*
 - a) *Segundo o disposto na disposición adicional quinta da Lei 25/2013, de 27 de decembro, relativa á adhesión ao Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado, as Administracións autonómicas e locais que queiran adherirse á utilización da plataforma FACe deberán aceptar e asinar, mediante unha sinatura electrónica avanzada de acordo coa Lei 59/2003, de 19 de decembro, de sinatura electrónica, o documento de adhesión ao Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado.*
 - b) *Manter actualizada, na plataforma FACe, a información das súas unidades organizativas implicadas na xestión das facturas electrónicas e responsabilizarse da súa xestión, de conformidade coa disposición adicional trixésima terceira do texto*



refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro.

c) Facer un uso responsable da plataforma FACe adecuándose estritamente ás finalidades recolleitas na Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público, e na normativa que desta se derive, e responsabilizarse do bo uso e xestión da plataforma así como de calquera dano e prexuízo directo ou indirecto que proveña do mal emprego da citada plataforma.

d) Acceder á plataforma consonte as canles que a Secretaría de Estado de Administracións Públicas estableza. As comunicacións das distintas Administracións Públicas co punto adecuaranse ás condicións técnicas normalizadas que a Secretaría de Estado de Administracións Públicas e a Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos determinen.

e) Cumprir coas instrucións técnicas dos manuais de uso da plataforma FACe, que serán publicadas no Centro de Transferencia de Tecnoloxía –CTT- da Administración Xeral do Estado na seguinte url da iniciativa FACe do CTT: <http://administracionelectronica.gob.es/es/ctt/face>.

- 7. Autorizar ás persoas indicadas de seguido a representar ao Concello de San Sadurniño dentro da plataforma FACe para a alta de unidades que deberán ser comunicadas a FACe para poder recibir facturas electrónicas. Asemade, autorízaselles a coñecer a información sobre como dar de alta as unidades do Concello en FACe, así como a proceder á dita alta na url indicada na aliña anterior. As persoas autorizadas son:*
- o Miguel A. Arroyo Moreno, Secretario-Interventor*
 - o Ángel Barro Sabín, tesoureiro."*

O asunto comprendido no presente punto da Orde do Día non foi dictaminado pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 93 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, declárase urxente en votación ordinaria e por unanimidade dos once membros do Pleno do Concello, antes de iniciarse o debate sobre o mesmo.

O Sr. Márquez interven brevemente para manifestar a súa conformidade coa proposta, polo que representa de avance no uso de novas tecnoloxías.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus once membros, acorda aprobar a devandita proposta do grupo de goberno.

CUARTO. APROBACIÓN DE CESIÓN DE USO DUNHA PARTE DA ANTIGA CASA DO CONCELLO Á GARDA CIVIL.

O Sr. Alcalde resume brevemente os antecedentes máis importantes do asunto, dende o inicio das negociacións, a principios do 2014, explica o contido do documento, acordado cos representantes da Garda Civil e supervisado pola Intervención do Concello, e anuncia que o próximo día 14 procederase á sinatura dese acordo, rematando o proceso.

O asunto comprendido no presente punto da Orde do Día non foi dictaminado pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 93 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, declárase urxente en votación ordinaria e por unanimidade dos once membros do Pleno do Concello, antes de iniciarse o debate sobre o mesmo.

O Sr. López Loureiro amósase conforme coa proposta, que o seu grupo apoiará co seu voto. O Sr. Márquez tamén manifesta a súa conformidade, porque entende que esta cesión facilitará unha mellora do servizo que presta a Garda Civil.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus once membros, acorda aprobar o acordo de que se trata e o documento que recolle os acordos correspondentes, denominado "Acta para a cesión de uso dunha parte da antiga casa do concello situada na avenida Marqués de Figueroa nº 5 da localidade de San Sadurniño (A Coruña) a favor da Garda Civil", facultando ó Sr. Alcalde para a sinatura do mesmo.

QUINTO. MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL.

Dase conta polo Sr. Soto da necesidade de introducir nese Regulamento algunhas modificacións de detalle propostas pola Xunta para mellorar algúns aspectos concretos da xestión. Proponse a aprobación dun novo texto completo, que recolle a totalidade das modificacións, xa que estas afectan a distintos apartados do Regulamento. O Sr. Alcalde engade que a escola xa conta con autorización da Xunta, polo que a súa apertura está prevista para o 2 de febreiro.

O asunto comprendido no presente punto da Orde do Día non foi dictaminado pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 93 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, declárase urxente en votación ordinaria e por unanimidade dos once membros do Pleno do Concello, antes de iniciarse o debate sobre o mesmo.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus once membros, acorda aprobar as modificacións propostas no Regulamento de funcionamento da escola infantil municipal deste Concello, e ordear a súa

exposición pública e a realización dos trámites necesarios para a súa entrada en vigor coa brevidade posible.

SEXTO. MOCIÓN DO BNG RELATIVA Á MODIFICACIÓN DAS CONDICIÓNS DE ADHESIÓN A SOGAMA.

O Sr. Soto resume o contido da moción de que se trata, presentada no rexistro do Concello con data do 02/01/15 e que literalmente di:

“A Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas vén de publicar a “Resolución de 15 de decembro, pola que se establecen as condicións para a adhesión ao sistema promovido pola Administración autonómica para a xestión institucional de residuos domésticos”.

A devandita disposición é consecuencia da subida unilateral do canon satisfeito polos concellos polo tratamento do lixo que se encomenda a SOGAMA, un incremento que tivo contestación por parte de moitos concellos da Galiza, ao ser unha medida unilateral imposta nunha norma orzamentaria sen negociación previa. Para alén disto, o tempo demostrou non seren certas as cifras que se manexaban para argumentar unha suba absolutamente desproporcionada dentro dun sistema que nin tan sequera cumpre os criterios básicos de respecto aos mínimos criterios ambientais que os concellos deben esixir e que a sociedade demanda.

O desenvolvemento da disposición adicional vixésimo primeira da Lei 11/2013, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galiza para 2014, vén a profundizar no talante autoritario amosado polo Goberno galego neste conflito, ao impor agora unilateralmente, en comanda con SOGAMA, as novas condicións de adhesión ao sistema de tratamento de lixo, sen sequera ter comunicado, e moito menos negociado, as “novas” condicións cos concellos afectados.

Estamos, pois, perante unha actuación desafortunada, que violenta non só o principio de autonomía local, senón a imposición dunhas novas condicións sen ningún tipo de diálogo e acordo coas entidades locais. De feito, nin tan sequera esta modificación se negociou e pactou coa FEGAMP.

As competencias en materia de xestión de residuos municipais, como a propia Resolución reconece na exposición de motivos, exércense en cooperación coas entidades locais. Xa que logo, ao non tratarse dun servizo cuxa responsabilidade se atribúe a unha única administración, o establecemento das condicións para a súa prestación, e das relacións entre os distintos operadores do sistema, teñen que ser previamente consultadas e negociadas.

Neste caso, os concellos tiveron coñecemento polos medios de comunicación e o Diario Oficial de Galiza que, en apenas no prazo de dous meses, teñen que formalizar as novas condicións de adhesión ao sistema de xestión de residuos de SOGAMA. E estas novas condición realízanse baseándose nunha disposición normativa aprobada nunha lei orzamentaria “expres” sen que existise un consenso previo mínimo coas entidades locais. Ademais, o novo modelo substitúe os convenios vixentes, que foran consensuados e negociados en cada caso concreto, e

incorpora aspectos que inciden na arbitrariedade e persecución, algo intolerábel nun réxime democrático baseado na lealdade e no respecto institucional. Outorga a SOGAMA un papel preponderante á hora de interpretar os contratos e determinar a esixencia das futuras débedas, ao ser o seu requirimento o que habilita a retención dos importes ao Fondo de Cooperación Local. Dese xeito, o propio órgano encargado da xestión do Fondo convértese en simple instrumento recadador de SOGAMA, sen que os concellos poidan acudir a ningún mecanismo de resolución de conflitos no caso de estimaren abusiva a facturación de SOGAMA. Neste caso, ademais, xa se está a anunciar a aplicación de medidas concretas contra determinados concellos que, por fórmulas democráticas e legais, discuten este modelo de adhesión e subas unilaterais, polo que estamos ante unha versión anovada de persecución e caza de bruxas.

En suma, o Goberno galego persiste en identificar a viabilidade do sistema de xestión de residuos coa supervivencia económica de SOGAMA, no canto de estudar alternativas que superen un modelo caduco, tanto pola súa insolvencia económica como ambiental.

Para o BNG, a Xunta debera estar nestes momentos traballando para fomentar alternativas a SOGAMA e colaborar e dialogar neste ámbito. Pola contra, comprobamos como pretenden continuar coas imposicións autocráticas e intentan frustrar as alternativas que neste ámbito puideren xurdir.

Por iso, o grupo municipal do BNG, solicita do Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte:

Acordo

- 1. Interpór recurso contencioso-administrativo contra a "Resolución da Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de 15 de decembro, pola que se establecen as condicións para a adhesión ao sistema promovido pola Administración autonómica para a xestión institucional de residuos domésticos" solicitando a suspensión cautelar desta entanto non haxa un pronunciamento xudicial firme.*
- 2. Instar ao Goberno galego a restaurar o diálogo e o respecto á autonomía local no funcionamento de SOGAMA.*
- 3. Instar ao Goberno galego a colaborar economicamente cos concellos da Galiza que pretendan impulsar tratamentos alternativos a SOGAMA e que estean baseados no fomento da reciclaxe fronte á incineración."*

O asunto comprendido no presente punto da Orde do Día non foi dictaminado pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 93 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, declárase urxente en votación ordinaria e por unanimidade dos once membros do Pleno do Concello, antes de iniciarse o debate sobre o mesmo.

O Sr. López Loureiro interven de seguido para dar lectura a un argumentario do seu grupo, contraria á moción de que se trata, que literalmente di:



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

O Casal, 16
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

“Os concellos son titulares da competencia da xestión dos residuos domésticos e SOGAMA é o sistema que a Xunta de Galicia pon á disposición dos concellos, que voluntariamente o desexen, para a xestión dos residuos domésticos. Este servizo teñen que pagalo como pagan por todos os servizos que contratan. Se non pagan, SOGAMA non é viable e os concellos teñen o problema de buscar unha alternativa ao seu lixo.

Este sistema non pode verse ameazado porque un grupo pequeno de concellos (3% dos adheridos a SOGAMA) decida non pagar máis polo servizo que recibe e que quere seguir recibindo. A Xunta dá liberdade aos concellos para decidir se seguen xestionando os seus residuos a través de SOGAMA ou non, pero os que queiran teñen que pagar.

A actitude dos concellos que non pagan é irresponsable e insolidaria coa inmensa maioría que si que paga. Os que non pagan seguen a recibir un servizo que paga o resto de concellos e ademais seguen a cobrarlle o recibo do lixo aos seus veciños. Así mesmo, como recollen as condicións de adhesión establecidas na Lei de Orzamentos de 2014, en relación aos supostos de non pagamento por parte dos concellos, cando un municipio non abone a factura do canon, a débeda resultante poderá ser retida na participación que lle corresponda no Fondo de Cooperación Local.

O canon que os concellos pagan a SOGAMA polos residuos é dos máis baratos de España e, ademais en 2015, ese canon vai baixar un 10% logo das xestións realizadas desde o Goberno galego para minimizar o impacto da reforma eléctrica no funcionamento da Sociedade. Así mesmo esta rebaixa é posible grazas ao Plan de acción que este goberno puxo en marcha para reducir gastos e incrementar ingresos. Ultimamente SOGAMA está a facer un esforzo importantísimo para ser máis eficiente e máis sustentable ambientalmente. Cada vez aumenta máis a reciclaxe e a recuperación de materiais e cada vez vai menos lixo a vertedoiro. Se os concellos melloran o sistema de recollida e facilitan a separación, tamén diminúe o lixo que vai a SOGAMA.

O obxectivo do Goberno galego é traballar por acadar un sistema de xestión de residuos cada vez máis eficiente, máis económico para os concellos e máis sustentable ambientalmente. Os orzamentos da Xunta para o próximo ano prevén o investimento de 23 millóns de euros en obras como a mellora da planta de elaboración de combustible para multiplicar a recuperación de materiais, chegando a unha capacidade de tratamento de 750.000 toneladas ao ano. Eses investimentos prevén tamén a construción dunha nova planta de compostaxe con capacidade para 15.000 toneladas ó ano. Todo isto evitará enviar 200.000 toneladas ó ano ó vertedoiro.

Por iso no EMBLOQUE queda moi bonito “seguimos sen rendernos a SOGAMA, levamos varios meses botándolle un pulso á Sociedade Galega do Medio Ambiente”, pero ó final vamos a ter que pagar, vamos a pagalo todos os veciños e máis caro nos vai a saír.”

O Sr. Márquez interven para dicir que o asunto que se debate é o da adhesión ou non a Sogama, e que, aínda que o tema iniciouse por un incremento unilateral de tarifas recollido na Lei de Presupostos da Xunta para 2014, o asunto é que non hai alternativas de tratamento dos RSU distintas de Sogama, polo que considera un erro non estar aboando

alomenos a parte da factura que correspondería co precio de tratamento anterior a esa suba, porque do contrario, o custo final incrementarase por intereses e outros gastos. Compara a actitude do grupo de goberno coa de veciños que se se negasen a pagar por servizos que reciben, e anuncia a súa abstención na votación desta moción.

O Sr. Soto di que o Concello debe defender ós veciños a tódolos niveis, explicando que San Sadurniño é un dos 18 concellos que finalmente manteñen a pelexa contra a Xunta por este tema, sen repercutir o incremento nos veciños como fixeron outros concellos e utilizando os instrumentos xurídicos disponibles para loitar contra esa inxustiza e facer entrar en razón á Xunta. Di tamén que se finalmente hai que pagar, non haberá sobrecoste algún e que hai que elixir entre ser os palanganeiros da Xunta ou rebelarse contra as inxustizas. Di finalmente que o incremento de custes baséase nunha mentira, un estudo de custes que non se cumpriu na conta de resultados de Gas Natural no 2013, que recolleu beneficios nese exercicio.

O Sr. Alcalde interven para insistir no incumprimento por Sogama do contrato asinado co Concello no 2004, que recollía únicamente un incremento anual polo IPC, e para dicir que o Concello non se está negando a pagar, senon solicitando de Sogama unha refacturación que cumpra co establecido nese contrato. Polo tanto, mentres decide o Xuíz, non debemos nada, e este pulso que se está a facer con Sogama non custará nada ós veciños. Respecto ás condicións de adhesión, a proposta do BNG é recurrir en vía contenciosa a norma da Xunta, que ademáis non da tempo ós concellos para poder buscar un sistema alternativo de xestión do lixo, polo que supón unha coacción ós Concellos.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por maioría de sete votos favorables, dos concelleiros do BNG, con tres votos contrarios, dos do PP e unha abstención, do do PSOE, acorda aprobar a moción de que se trata.

SÉTIMO. MOCIÓN DO BNG RELATIVA Ó ESTABLECEMENTO DUNHA TARIFA ELÉCTRICA GALEGA.

O Sr. Soto resume o contido da moción de que se trata, presentada no rexistro do Concello con data do 02/01/15 e que literalmente di:

“O sector enerxético ten para Galiza un valor estratéxico, polo que representa no seu Produto Interior Bruto e por ser un factor relevante para a produción industrial. A pesar desa importancia, Galiza apenas contou con capacidade para deseñar e aplicar unha estratexia enerxética propia, orientada a un aproveitamento endógeno dos seus recursos enerxéticos. Ao longo de anos, por decisións políticas, Galiza foise especializando na xeración de electricidade. Dese xeito, desempeñou un papel de centro subministrador de enerxía eléctrica para o resto do Estado español, con base no seu potencial hidroeléctrico e nos



San Sadurniño
www.sansadurnino.es

O Casal, 16
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

xacementos de carbón, acrecentado posteriormente co desenvolvemento do aproveitamento eólico e biomasa, e tamén coa construción de dous ciclos combinados de gas natural. A potencia instalada fan de Galiza unha exportadora neta de electricidade como se pode comprobar na seguinte táboa:

ANO	ENERXÍA EXPORTADA
2001	46,00%
2002	37,70%
2003	41,90%
2004	38,00%
2005	26,90%
2006	32,00%
2007	33,00%
2008	25,50%
2009	37,10%
2010	37,10%
2011	30,20%
2012	40,00%
2013	O Inega ainda non publicou os datos

Porén, e a pesar de que a xeración eléctrica leva aparelados uns moi importantes custos sociais e medioambientais, Galiza non tirou proveito desta actividade económica. Ao contrario, ao estar sometida a un marco regulatorio e tarifario común en todo o Estado español, ás decisións adoptadas polas empresas eléctricas que actúan en réxime de oligopolio a través dos seus centros de decisión afastados de Galiza, nunca recibiu vantaxes do aproveitamento dos seus recursos, mesmo sofre en amplas zonas do país unha deficiente calidade da subministración eléctrica. No que atinxé á homénea política tarifaria, hai que subliñar que a tarifa eléctrica que se paga en Galiza inclúe peaxes de solidariedade interterritorial, como é o caso dos custos extrapeninsulares (Canarias, Baleares, Ceuta e Melilla) que, no ano 2013, foron de 1.800 millóns de euros, cantidade pagada vía tarifas eléctricas.

No Estado español impúxose o criterio dun sistema eléctrico único e de tarifa única, prexudicial para Galiza ao tratar por igual aos consumidores dos distintos territorios, sen ter en conta a súa achega como produtores de enerxía. Porén, na nova Lei do Sector 24/2013, cuestiónase esa tarifa única, non con base nesas razóns de poder compensar vía tarifa os territorios que sofren os prexuízos ambientais de produciren enerxía, senón para penalizar as CCAA que impoñan impostos ambientais, ao recollese a posibilidade –aínda sen desenvolver, da creación de



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

O Casal, 16
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

suplementos territoriais onde houber impostos propios á actividade eléctrica (como en Galiza). Isto é, queda aberta a posibilidade a que en Galiza paguemos aínda a electricidade máis cara por termos actividade de xeración no propio país. Como dicíamos, fica totalmente pechada calquera posibilidade de termos unha tarifa propia que nos permita ter vantaxes en función de sermos un país produtor de enerxía, como acontece en diversos estados europeos onde existen tarifas diferenciadas por territorios.

Neste sentido, Galiza debe demandar unha tarifa máis baixa (unha redución nas peaxes do 30%), para que realmente exista un beneficio económico para o propio país, para favorecer o consumo doméstico dunha poboación que ten as pensións e os salarios entre os máis baixos do Estado español e, tamén, para posibilitar o seu crecemento industrial.

A política sobre a tarifa eléctrica do Estado é un exemplo de despropósitos, agravado pola filosofía da reforma enerxética aprobada en 2014 polo PP que se asenta na premisa de considerar a enerxía eléctrica como un ben de consumo ordinario, suxeito exclusivamente á libre competencia e ao poder do reducido oligopolio de empresas eléctricas, no canto de considerar a electricidade un ben básico para a calidade de vida da persoas e do desenvolvemento económico, que debería estar intervindo polo sector público e vetado a especulacións e negocios abusivos. Todo isto provoca que as tarifas eléctricas no Estado español sexan as terceiras máis caras para o consumo doméstico e as oitavas para o industrial, segundo unha comparativa de Eurostat sobre 30 estados europeos.

Isto débese a dúas cuestións. A primeira, as peaxes ou custos fixos do sistema, porque nelas se recollen cantidade de conceptos que non deberían estar soportados pola tarifa eléctrica, entre eles: custos extrapeninsulares, primas de capacidade, primas carbón español, moratoria nuclear, primas renovábeis, etc., partidas que debería estar nos orzamentos do Estado español. Sería máis xusto fiscalmente e rebaixarían o prezo final da tarifa eléctrica.

Tamén é relevante o prezo da electricidade no mercado maiorista (ou pool), que retribúe do mesmo xeito –sempre ao prezo da máis cara, a todas as tecnoloxías de xeración que funcionan en cada hora do día, sen distinguir os custos reais de produción, o que provoca uns hiperbeneficios para determinados sistemas, en concreto a hidráulica e a nuclear, o que provoca unha suba artificial dos prezos.

O último exemplo desta errática política enerxética é a situación creada respecto de grandes consumidores en Galiza, grandes empresas situadas no noso país por ser a súa actividade dependente da electricidade que, durante anos se viron sometidas a continuos cambios regulatorios ditados desde Madrid, sen contar para nada cos intereses do país. Desde a supresión en 2009 da tarifa G4, que era específica para empresas como ALCOA, até a regulación do sistema de interrompibilidade, cuxo sistema de poxa anual implantado polo PP desde finais de 2013, a través da nefasta reforma eléctrica, supón un modelo perverso pola súa cadencia anual, o que implica que moitas empresas non realizarán investimentos de modernización nas súas factorías ao non teren un sistema tarifario estábel. Mesmo afecta á competencia leal, pois provoca que empresas do mesmo sector produtivo podan ter prezos moi diferentes de electricidade.

O escenario de tarifa eléctrica diferenciada, como dicíamos anteriormente, non é o único que existe en Europa ou nos USA. Tamén no caso do Estado español, na actual proposta de peaxes eléctricos realizada polo Goberno central, logo dun pacto co Goberno de Euskadi, recolle o cambio de definición das redes de alta tensión para que teñan collida unha parte moi significativa da rede de distribución vasca, que neste caso é singular, o cal vai permitir a partir de 2015 uns prezos máis baixos para a industria de EuskalHerria, nunha rebaixa que se estima nun 15% nas peaxes e nun 12,5% no termo de enerxía.

No caso de Galiza, existen sobradas razóns para nos dotarmos dunha tarifa eléctrica propia que, ademais, evite a nosa desindustrialización.

Por iso, o grupo municipal do BNG, solicita do Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte:

Acordo

Instar á Xunta de Galiza a demandar do Goberno Español a creación dunha Tarifa Eléctrica Galega que, atendendo á condición de Galiza como excedentaria na produción de electricidade, rebaixe as peaxes das tarifas nun 30%, tanto para o consumo doméstico como para as empresas."

O asunto comprendido no presente punto da Orde do Día non foi dictaminado pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 93 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, declárase urxente en votación ordinaria e por unanimidade dos once membros do Pleno do Concello, antes de iniciarse o debate sobre o mesmo.

O Sr. López Loureiro interven de seguido para dar lectura a unha proposta do seu grupo, contraria á moción de que se trata, que literalmente di:

"Claro que Galicia é unha gran potencia produtora de enerxía eléctrica (en 2013, exportouse o 40% da producida) e como potencia que é, xa se está a beneficiar de varias maneiras:

- Cuantiosos investimentos, que fan de efecto tractor nas actividades económicas, incluídos servizos e tecnoloxía.*
- 30.000 empregos directos e indirectos;*
- 5% do PIB galego*
- Instrumentos que repercuten positivamente en Galicia, (canón eólico, o canon hidráulico ou a eco taxa).*
- Pago de impostos municipais, (IBI das instalacións; centrais, embalses, presas, parque eólicos).*

Tratan vostedes unha proposta que non asume a realidade e chea de argumentos simplistas. Ademais evidencia a falta de solidariedade interterritorial do BNG, esquecendo os cuantiosos recursos recibidos ao abeiro da solidariedade europea (Fondos estruturais) e doutras CC.AA. (Fondo de Compensación Territorial).



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

O Casal, 16
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

- *Non ten en conta que para producir esa enerxía se consumen grandes cantidades de enerxía primaria.*
- *Nin que os custes por transporte e distribución eléctrica son máis altos que noutras CC.AA. (razóns de dispersión demográfica, orografía, climatoloxía ou a propiedade do solo.*
- *Os galegos e españois pagaron as primas que nos permitiron ser unha potencia en renovables.*
- *O prezo dun produto non ten que ver co lugar de produción, si co seu mercado (exemplo, Inditex Citroën).*

Coma sempre, a tese do seu partido é illar a Galicia.

- *A nosa é reforzar as unións, colaborar e que todas as partes se beneficien das sinerxías desta colaboración.*
- *Estase a traballar para integrar a España e, por ende a Galicia, nun mercado europeo único de electricidade que axude na mellora do subministro e da competitividade.*

En relación coa TARIFA VASCA:

- *Polo de agora non está aprobada ningunha orde de peaxes para 2015 (non adianten acontecementos).*
- *O Goberno Central si ten intención de aprobar un novo réxime de peaxes, pero para niveis de tensión determinados que se rexistran nalgunhas zonas do país.*
O PREZO DA ENERXÍA DÉBESE a que:
- *Alguén que gobernou España (goberno do PSOE co apoio do BNG) fixo unha predición sobre o crecemento do PIB dun 25% entre 2005 e 2013, e resulta que creceu ao 2%;*
- *Tamén estimou que a demanda de electricidade ía crecer por riba dun 24% e resulta que diminúe a niveis de 2007;*
- *E pensaron que as primas a renovables axudarían a varias CC.AA. afíns (fotovoltaica e termosolar).*

Todo isto da lugar a unhas infraestruturas eléctricas que se deben pagar a pesares de ser desmesuradas e estes erros do pasado estanse a corrixir cunha nova planificación.

Ese traballo xa está a ter efectos sobre os prezos:

- *Durante os anos de goberno socialista, a factura eléctrica subiu máis dun 60%, e non se trasladaban todos os custos, acumulaban como déficit de tarifa (ata chegar aos 26.000 M€).*
- *Fronte a iso, a CNMC (Comisión Nacional de los Mercados y la Competencia) di no seu último informe que en 2014 existirá superávit de tarifa por primeira vez en 10 anos cos prezos da enerxía reducíndose un 4%, (máis o 3,1% do ano pasado).*
- *E de cara a 2015, non se vai incrementar a parte regulada da tarifa, outra boa noticia para Galicia e a súa competitividade.*

En relación coa COMPARACIÓN CON EUROPA:

- *Segundo os últimos datos publicados por EUROSTAT (Oficina Estatística da Unión Europea), o prezo da electricidade doméstica en España baixou un 1,01%, entre o 2º*



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

O Casal, 16
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

semestre de 2013 e o 1º semestre de 2014, cando a suba media rexistrada na Eurozona sitúase no 6,35% (Non é certo que España sexa a 3ª máis cara, é a sexta segundo os datos publicados por Eurostat para o 1º semestre de 2014 (de detrás de Estados como Alemaña, Italia ou Dinamarca).

- A suba en Alemaña foi de 11,40%, Reino Unido un 7,45%, en Francia un 9,31% e Portugal un 5,43%.EUROSTAT tamén reflicten que o prezo da electricidade para un consumidor medio industrial en España é máis barato nun 8,5% ao prezo medio da Zona Euro. Este prezo é un 61% máis baixo que o de Dinamarca, un 37% con respecto a Alemaña e un 32% respecto a Italia. É certo que é máis cara que en Francia, pero cabe recordar a peso da enerxía nuclear neste Estado."*

O Sr. Márquez interven para dicir que nos últimos anos foi importante o incremento do custe da electricidade, e que Galicia como produtor destacado, debería ter un trato especial neste ámbito. Deberían eliminarse tódolos peaxes, incluso os das autopistas, e simplificar os conceptos que aparecen na factura, que ás veces resulta incomprendible, ademais de primar a produción enerxética ecolóxica, polo que apoiará a moción de que se trata.

O Sr. Soto manifesta a disconformidade do seu grupo cos argumentos das eléctricas, que son os que defenden o PP e os membros dos concellos de administración desas empresas e que ignoran os milleiros de galegos que teñen problemas para pagar as facturas ou para quentar a súa casa.

Sometido finalmente o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por maioría de oito votos favorables, dos concelleiros do BNG e o do PSOE, con tres votos contrarios, dos do PP, acorda aprobar a moción de que se trata.

OITAVO. ROGOS E PREGUNTAS.

O Sr. Márquez pregunta polo estado de tramitación do Plan Xeral.

O Sr. Alcalde resposta que a documentación redactada pola empresa para os informes previos á aprobación inicial entregouse no Concello o 10/12/14 e remitiuse para recabar eses informes sectoriais previos o 16 do mesmo mes. Agora están en prazo para emitir eses informes e con posterioridade iniciaranse os trámites para a aprobación inicial.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as doce horas e trinta e un minutos, redactándose a presente acta para a adecuada constancia do tratado e dos acordos adoptados, do que como Secretario certifico.

O ALCALDE PRESIDENTE,



O SECRETARIO,

